

O RECIBO

Definición

É o documento que acredita a realización dun pagamento ou a entrega de bens. O recibo é emitido pola persoa física ou xurídica que recibe o diñeiro e entrégase como xustificante á persoa física ou xurídica que pagou.

Normalmente o recibo ten que conter os datos identificadores propios do recibo, de quen emite e de quen recibe a cantidade de diñeiro e o concepto en virtude do cal se fai o pagamento.

Estrutura do recibo

1. Datos identificadores do documento

Número do recibo

Lugar e data de expedición

2. Datos identificadores da persoa ou entidade que entrega o diñeiro

3. Datos identificadores da persoa que recibe o diñeiro

4. Datos da operación

4.1. Cantidade de diñeiro. Concepto polo cal se fai o pagamento